|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | tipos de voces, e agrupacións vocais e corais | tipos de voces. | | | | das producións dos alumnos/as. Instrumentos: Producións musicais | CCL |
| EM-B1.3.2 | EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais | Identifica e describe variacións de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Resolución de exercicios e problemas. | CCEC CAA CCL |
| EM-B1.3.3 | EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados | Identifica e completa os compases traballados | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as. Instrumentos: Resolución de exercicios e problemas. | CCEC CMCCT |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EM-B1.3 | EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados | Utiliza correctamente algún dos elementos da linguaxe musical traballados | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Caderno de clase. | CCEC |
| EM-B1.4 | EMB1.4.1. Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico | Procura e selecciona a información de xeito autónomo | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Caderno de clase | CAA<br>CD<br>CSIE<br>E |
| EM-B1.4 | EMB1.4.2. Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas | Respecta as ideas e as contribucións das demais persoas | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Producións orais. | CSIE<br>E<br>CAA<br>CD |
| EM-B1.4 | EMB1.4.3. Expón a información de | Expón información | X | X | X | Procedementos: Análise | CSIE<br>E |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes. | de maneira ordenada. | | | | das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Caderno de clase | CCL<br>CD |
| EM-B1.5 | EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos | Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos | | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as. Instrumentos: Resolución de exercicios e problemas | CCEC<br>CAA |
| EM-B1.5 | EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son(aerófonos,cordófonos, membranófonos,idiófonos e electrófonos) | Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son case sen ningún erro. | | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Resolución de exercicios e problemas | CCEC<br>CAA<br>CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EM-B1.5 | EMB1.5.3. Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas | Procura información e a organiza. | | | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Caderno de clase | CCEC<br>CAA |
| EM-B1.6 | EMB1.6.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela | Entende un musicograma. | | | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Caderno de clase | CCEC<br>CAA |
| EM-B1.6 | EMB1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura | Identifica as partes dunha peza musical sinxela, | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Caderno de clase | CCEC<br>CMCCT<br>CAA |
| EM-B1.6 | EMB1.6.3. Representa | Representa os trazos | X | X | X | Procedementos: Análise das | CCEC<br>CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada | característicos da música. | | | | producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Caderno de clase | |
| EM-B1.7 | EMB1.7.1. Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia. | Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as. Instrumentos: Caderno de clase | CCEC |
| EM-B1.7 | EMB1.7.2. Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado | Expón a información recollida de xeito ordenado | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Caderno de clase | CCL<br><br>CD |
| EM-B2.1 | EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras | Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as. | CCEC<br>CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Instrumentos: producións musicais. Rúbrica | |
| EM-B2.1 | EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos | Traduce á linguaxe musical convencional melodías sinxelas. | | | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Caderno de clase | CCEC CAA |
| EM-B2.1 | EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento | Canta cancións sinxelas. | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Producións orais | CCEC CAA |
| EM-B2.1 | EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando | Fai avaliación da interpretación | | | X | Procedementos: Análise das producións | CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | interese e esforzo por mellorar | | | | | dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Caderno de clase | |
| EM-B2.2 | EMB2.2.1. Crea e representa mediante grafías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula | Representa mediante grafías convencionais os sons dunha obra musical sinxela. | | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Caderno de clase | CCEC<br>CAA |
| EM-B2.2 | EMB2.2.2. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados | Crea unha peza musical sinxela a partir de elementos dados. | | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Caderno de clase | CCEC<br><br>CAA |
| EM-B2.2 | EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo | Respecta aos demais. | X | X | X | Procedementos: Análise das producións | CSC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Producións orais | |
| EM-B2.2 | EMB2.2.4. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura. | Realiza acompañamentos sinxelos de cancións coñecidas. | | | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Caderno de clase | CCEC CAA |
| EM-B2.3 | EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos. | Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos sinxelos. | | | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Producións musicais. | CCEC CD CAA |
| EM-B2.3 | EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente | Constrúe algún instrumento. | | | X | Procedementos: Análise das producións | CCEC CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Producións plásticas. | |
| EM-B.3.1 | EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social | Utiliza o corpo como instrumento. | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Producións motrices. | CCEC CSC |
| EM-B.3.1 | EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó | Inventa e reproduce pequenas coreografías. | | X | | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Producións motrices. | CCEC CAA CMCCT |
| EM-B.3.2 | EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa | Controla a postura e a coordinación coa música na | | X | X | Procedementos: Análise das producións | CCEC CMCCT |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | música cando interpreta danzas. | interpreta danzas. | | | | dos alumnos/as. Instrumentos: Producións motrices. | |
| EM-B.3.2 | EMB3.2.2. Coñece e identifica danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural | Coñece algunhas danzas de diferentes lugares. | | | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Producións motrices | CCEC CSC |
| EM-B.3.2 | EMB3.2.3. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas. | Reproduce distintas danzas. | | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Producións motrices | CCEC CSC |
| EM-B.3.3 | EMB3.3.1. Planifica a | Participa na planificación dunha coreografía. | | X | X | Procedementos: Análise das producións | CSIEE CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | coreografía de acordo coa estrutura musical dada. | | | | | dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Producións motrices | CMCCT |
| EM-B.3.3 | EMB3.3.2. Colabora co grupo en coordinación e con respecto cara ás demais persoas | Colabora co grupo e respecta aos demais. | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Posta en común | CSC |
| EM-B.3.3 | EMB3.3.3.Expón as valoracións e as informacións recollidas ao longo do proceso de creación | Participa na exposición de informacións recollidas ao longo do proceso de creación. | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Producións motrices | CCL |
| EM-B3.3 | EMB3.3.4. Amosa interese por mellorar o produto final, e fai unha avaliación crítica do resultado | Amosa interese por mellorar o produto final, | X | X | X | Procedementos: Análise das producións | CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | e fai unha avaliación | | | | dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Producións orais. | |

| TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO E INSTRUMENTOS DE AVALICIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **CURSO** | **6º PRIMARIA** | | **ÁREA: EDUCACIÓN MUSICAL** | | | | |
| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **Grao mínimo para superar a área. Indicador mínimo de logro** | **T 1** | **T 2** | **T 3** | **Criterios para a cualificación**<br>**Instrumentos e procedementos de avaliación** | **CC** |
| EM- B1.1 | EMB1.1.1- Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso | Identifica as calidades do son do contesto natural e social usando o vocabulario preciso | X | | | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Producións orais.. | CEC<br>C<br>CAA<br>CCL |
| EM- B1.2 | EMB1.2.1- Distingue | | X | X | X | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas | Recoñece os tipos de voz, os instrumento, unha variación, emite 1 valoración. | | | | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Producións orais. | CECC CAA CCL |
| EM- B1.2 | EMB1.2.2 - lnterésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízaas como marco de referencia para as creacións propias | Amosa interese por descubrir obras musicais | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Producións orais. | CECC CSIEE CAA |
| EM- B1.3 | EMB1.3.1- Coñece, entende e cumpre as normas de | Cumpre as normas de comportamento en audicións e | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as. | CSC CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | comportamento en audicións e representacións musicais | representacións musicais | | | | Instrumentos: Producións orais. | |
| EM- B1.3 | EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais | Comprende acepta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Producións orais. | CSC CCEC |
| EM-B2.1 | EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recréaas. | Recoñece e describe algunhas calidades da voz a través de audicións diversas, e recréaas. | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Resolución de exercicios e problemas | CCEC CAA CCL |
| EM-B2.2 | EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e | Recoñece e clasifica instrumentos | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as. | CCEC CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais | | | | | Instrumentos: Resolución de exercicios e problemas | |
| EM-B2.2 | EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. | Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras | X | X | X | | CCEC |
| EM-B2.2 | EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. | Traduce á linguaxe musical convencional melodías sinxelas. | | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: Caderno de clases. | CCEC |
| EM-B2.2 | EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen | Interpreta pezas vocais e instrumentais. | | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: producións musicais. | CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | acompañamento | | | | | | |
| EM-B2.2 | EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural. | Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos. | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: producións musicais. | CCEC |
| EM-B2.2 | EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo | Amosa respecto polo traballo das demais personas. | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: posta en común. | CSC |
| EM-B2.2 | EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos. | Analiza as interpretacións feitas e recoñece erros. | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as. | CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | Instrumentos: postas en común. | |
| EM-B2.3 | EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais. | Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: exposicións orais. | CCEC<br>CAA<br>CD |
| EM-B2.3 | EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes | Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo. | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: exposicións orais. | CAA<br>CD<br>CCL |
| EM-B2.3 | EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais | Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas e para | | | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as. | CD<br>CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas | a sonorización de imaxes. | | | | Instrumentos: producións musicais | |
| EM-B3.1 | EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. | Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social | | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: producións motrices. | CAA<br>CCEC |
| EM-B3.1 | EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas | Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: producións motrices | CCEC |
| EM-B3.1 | EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao | Coñece danzas de distintas épocas e lugares. | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as. | CCEC |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | patrimonio artístico e cutural. | | | | | Instrumentos: producións motrices | |
| EM-B3.1 | EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras | Reproduce danzas tradicionais españolas. | | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: producións motrices | CSC CCEC |
| EM-B3.1 | EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal. | Participa na invención de coreografías. | | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: producións motrices | CAA CCEC |
| EM-B3.1 | EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, recoñece os | Analiza as danzas realizadas e recoñece os erros. | | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as. | CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | erros e amosa interese por mellorar o produto | | | | | Instrumentos: producións motrices | |
| EM-B3.1 | EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas. | Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: producións motrices | CAA<br>CSC |
| EM-B3.1 | EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas. | Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas. | X | X | X | Procedementos: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>Instrumentos: producións motrices | CSC |

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.

A música está presente nas nosas vidas e forma parte do desenvolvemento artístico d alumnado de primaria. O propósito principal será o de favorecer a percepción e expresión musical, mediante actividades de escoita, de interpretación e de creación musical.

As sesións serán o máis participativas posible de forma de que o alumnado poida continuar a súa aprendizaxe da forma máis dinámica posible.

Darase gran importancia á experimentación e intentarase espertar o interese pola música en xeral, xa sexa polo canto, a interpretación instrumental, o coñecemento do patrimonio musical e a danza. Suscitaranse diferentes tipos de actividades, o máis variadas posible, para permitir que todo o alumnado poida gozar e avanzar no seu desenvolvemento persoal a través da música.
Nas actividades de percepción, realizaranse audicións de pezas musicais de diversas culturas e épocas, escoitaranse instrumentos musicais presentes no aula e fóra dela a través de soportes dixitais. A interpretación e a expresión musical basearanse na exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo, obxectos, e algúns instrumentos. A partir de cuarto de primaria o alumnado interpretará pezas de progresiva dificultade coa frauta doce.
Realizaranse tamén actividades relacionadas co movemento e a danza, memorizando secuencias de movementos e preparando coreografías para pezas breves. Finalmente, introducirase progresivamente a notación musical como medio de representación da música, utilizando en principio grafías non convencionais e así avanzar no seu coñecemento.
Os aspectos xerais a ter en conta son:

1) Partir da competencia inicial do alumnado.
2) Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
3) Potenciar as metodoloxías activas e participativas:
    a) Combinar traballo individual e cooperativo.
    b) Aprendizaxe por proxectos.
4) Enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.
5) Papel facilitador do profesor.

Estratexias metodolóxicas a utilizar na área:

1) Traballo reflexivo individual no desenrolo das actividades individuais.
2) Traballo en grupo cooperativo: facer grupos para traballar os principios de definición de obxectivo de grupo, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
3) Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual o de grupo.
4) Círculos de aprendizaxe.
5) Exposición do profesor.

Os materiais e recursos didácticos que imos utilizar entre outros son:

- Instrumentos musicais: percusión, teclado, frauta.

- Material adaptado para traballar a linguaxe musical.
- Ordenador de aula e PDI.
- Material para a aprendizaxe da frauta doce (partituras e bases musicais).

CDs que acompañan as propostas didácticas, con recursos fotocopiables
No caso de suspensión das clases presenciais, se seguirá a formación a distancia a través da aula virtual do centro na cal se colgarán actividades, se realizarán videoconferencias e a través de atención telefónica se fora necesario.

## 6.CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

A avaliación debe entenderse como un conxunto de actividades programadas para recoller e analizar información e por iso debe dotarse de técnicas e instrumentos que garantan a súa calidade facendo dela un proceso rigoroso e sistemático.
Esta avaliación tamén terá que servir para realizar unha avaliación da práctica docente, co fin de comprobar a adecuación de aspectos como: os obxectivos e contidos propostos, actividades propostas, metodoloxía empregada, organización do tempo, materiais elixidos, duración de cada unidade.
A avaliación na educación artística está dividida en tres fases: Avaliación inicial: obtén resultados sobre os coñecementos previos do alumnado, permitindo adaptarse ás realidades e expectativas dos alumnos e alumnas.
Avaliación formativa: é un proceso continuo, explica todo o que acontece.
Serve para mellorar o proceso educativo tendo en conta tanto ao alumnado como a práctica docente.
Avaliación sumativa: nesta avaliación compróbase se os alumnos e alumnas adquiriron os obxectivos establecidos nun primeiro momento.

**Instrumentos:**
A observación continua e sistemática do alumnado. Neste punto daráselle moita importancia ó interese e á participación na clase, así como ó comportamento.
Boa presentación nos cadernos, libros e materiais a empregar na aula Diario de clase, rexistro de anécdotas.

Probas obxectivas puntuais para comprobar se se están a adquirir os obxectivos establecidos, aínda que é importante recordar que en educación artística o importante non é tanto o traballo final como todo o proceso.
Revisión de tarefas.
En educación musical é normal a avaliación en grupo onde todos os alumnos participan, comparten argumentos, ven os erros dos demais e aprenden uns dos outros.

**1º,2º,3º CURSOS:**

Os instrumentos de avaliación dependerán en cada caso do procedemento a avaliar. No apartado de secuenciación dos estándares de avaliación a partires da páxina 8 ata a 28 especifícase en cada caso o instrumento de avaliación empregado.

**4º.5º,6º CURSOS:** Os instrumentos de avaliación dependerán en cada caso do procedemento a avaliar. No apartado de secuenciación dos estándares de avaliación a partires da páxina 28 ata a 58 especifícase en cada caso o instrumento de avaliación empregado.

- Probas escritas:
  - Rexistros da audición:
-
- Nome: Curso:
  Data:
- Nome da obra: Compositor:
  Estilo ó que pertence o autor:
- Ano de nacemento: Instrumentos que interveñen:
- Opinión persoal sobre a peza escoitada:

  ______________________________________________

  ______________________________________________

  ______________________________________________

  ______________________________________________

  ______________________________________________

  ______________________________________________

  ______________________________________________

- RÚBRICA PARA A VALORACIÓN DAS PRODUCCIÓNS MOTRICES

| PUNTUACIÓN | 9-10 | 5 | 3 | 1 |
|---|---|---|---|---|
| **Actitude fronte o traballo** | Presenta unha actitude positiva para aprender os pasos básicos da obra. | De cando en cando presenta unha actitude positiva para aprender os pasos básicos da obra. | Ocasionalmente presenta unha actitude positiva para aprender os pasos básicos da obra. | Non presenta unha actitude positiva para aprender os pasos básicos da obra. |
| **Comportamento** | Mantén sempre unha actitude de respecto fronte ao traballo do grupo. | Mantén só as veces unha actitude de respecto fronte ao traballo do grupo. | Non mantén sempre unha actitude de respecto fronte ao traballo do grupo. | Non participou no traballo en grupo. |
| **Atención** | Sempre presta atención ás indicacións que da o xefe do grupo. | Ás veces presta atención ás indicacións que da o xefe do grupo. | Non presta atención ás indicacións que da o xefe do grupo. | Non recoñece a autoridade do xefe do grupo. |
| **Compromiso** | Trae o material necesario á clase e sempre está listo para traballar. | Case sempre trae o material necesario á clase e sempre está listo para traballar | Case sempre trae o material necesario á clase pero algunhas veces necesita instalarse para traballar | A miúdo esquece o material necesario ou non está listo para traballar |
| **Presentación do baile** | O traballo reflicte os | O traballo reflicte un | O traballo reflicte algo de | O traballo non reflicte |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | mellores esforzos do discente. | esforzo grande por parte do discente. | esforzo por parte do discente. | ningún esforzo por parte do discente |
| **Movemento** | Sempre participou na coreografía executando os pasos indicados. | Algunhas veces participou na coreografía executando os pasos indicados | Nunca participou na coreografía executando os pasos indicados | Non é capaz de aprender os pasos indicados. |
| **Alumnos NEE** | Avaliaranse a partir do nivel 3. | | | |

- RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DA INTERPRETACIÓN INDIVIDUAL INSTRUMENTAL.

| **Categoría** | **9-10** | **7-8** | **5** | **4** | **2-3** | **1** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Precisión nas notas | Son totalmente precisas. | Rara vez unha nota é tocada incorrectamente. | Algunhas das notas foron tocadas erroneamente. | A maioría das notas foron tocadas erroneamente | As notas aprendidas nesta partitura foron erróneas. | Négase a interpretar. |
| Fraseo | As frases son sempre consistentes e sensitivas ao estilo de música que toca. | As frases son usualmente consistentes e sensitivas ó estilo de música que toca. | As frases as veces son consistentes e sensitivas ó estilo de música que toca. | As frases case nunca son consistentes ou sensitivas ó estilo de música que toca. | As frases nunca son consistentes e sensitivas ó estilo de música que toca. | Empezou unha frase pero non segue. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Dinamismo | Os niveis de dinamismo son obvios, consistentes e unha presentación precisa do estilo de música que se toca. | Os niveis de dinamismo son xeralmente precisos e consistentes. | Os niveis de dinamismo fluctúan pero pódense discernir | Ten partes da obra na que se poden discernir e outras nas que non. | A atención aos niveis de dinamismo non é obvia. | Non interpreta. |
| Expresión e estilo | Actúa cun matiz de creatividade e estilo persoal en resposta a partitura. | Polo xeral actúa cun matiz de estilo que está indicado na partitura ou que é suxerido pola mestra. | As veces actúa cun matiz de estilo que está indicado na partitura ou que é suxerido pola mestra | Case nunca amosa expresión e estilo, polo menos o intenta. | Rara vez demostra expresión e estilo. So toca as notas | Non ten estilo. |
| Calidade do ton | O ton está enfocado. é claro e centrado consistentemente a través do instrumento. O ton ten calidade profesional. | O ton está enfocado. é claro e centrado a través do instrumento. Os extremos no alcance algunhas causa que o ton sexa menos controlado. | O ton as veces non está enfocado. é claro e centrado pero non está controlado. | O ton as veces non está enfocado non é claro nin centrado consistentemente a través do instrumento. O t | O ton non está enfocado non é claro nin centrado consistentemente a través do instrumento. | Non executa nada. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Ritmo | O compás é seguro e os ritmos son exactos para o estilo música que se toca. | O compás é seguro e os ritmos son na súa maior parte exactos. Hai algúns erros de duración. | O compás é algo errático. Algúns ritmos son precisos. Os erros de duración son frecuenteme nte repetidos. | O compás é totalmente errático e carece de ritmo case non se identifica a obra. | O compás totalmente erróneo e carece de ritmo non se identifica a obra. | Non é capaz de pasar do 1º ou 2º compás. |
| Ton | Practicament e no hai erros. Ou todo e moi preciso. | Un erro ocasional e illado, pero a maior parte do tempo o ton é preciso e seguro. | A maioría dos tons son precisos e os erros son superados. | Algúns tons son precisos, pero hai erros frecuentes. | Moi poucos dos tons son precisos. | Ningún ton é preciso. |
| Atenci ón en clase | Está concentrado e atento durante a clase e segue as instrucións o mellor que pode. | Está usualmente concentrado e atento na clase, pero algunhas veces é distraído por outros. | A maior parte do tempo está concentrado e atento en clase. | Está algunhas veces concentrado e atento, pero distraese facilmente por outros e algunhas veces distrae aos outros. | Case nunca está concentrad o e atento durante a clase. Algunhas veces é perxudicial para o resto da clase. | Molesta tanto os compañeiros como a mestra non permitindo o desenvolvem ento normal da clase. |

Adoptaranse os seguintes criterios de cualificación:

**De 1º a 3º.**

| | |
|---|---|
| Producións musicais ( cantar, solfexar, tocar) | 15% |
| Produción motrices | 15% |
| Probas escritas | 40% |
| Atención e participación | 10% |
| Esforzo e interese | 20% |

**De 4º a 6º**

| | |
|---|---|
| Producións musicais ( cantar, solfexar, tocar) | 10% |
| Produción motrices | 10% |
| Probas escritas | 40% |
| Atención e participación | 10% |
| Esforzo e interese | 10% |
| Caderno de clase | 20% |

## 7.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O Decreto de currículo establece no artigo 15 referido aos principios metodolóxicos, que a **acción educativa responderá ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe** que se poidan presentar á hora de realizar a labor docente, debendo prestar especial atención para poder **detectar**, tan pronto como sexa posible, a existencia na aula de alumnado que requira unha atención educativa distinta á ordinaria.

Na LOMCE recóllese no capítulo III artigo 16 que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo é aquel que presentan necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo, o por condicións persoais o de historia escolar.

Debemos salientar que consideraremos fundamental no tocante a este aspecto unha **avaliación inicial (diagnóstica), en contacto cos demais docentes, supervisada polo Departamento de orientación,** que será un órgano esencial co que se establecerá un contexto de estreita comunicación, colaboración e coordinación cos seus compoñentes. Este aspecto redundará na consecución dunha axuda pedagóxica a este alumnado máis eficaz. A música é unha disciplina capaz de dar resposta ás diferenzas, xa que, polas súas características

naturais, posúe un gran poder afectivo e estimulante. Será un medio propicio tanto para a detección temperá de posibles problemas como para o seu tratamento.

Tratar a diversidade supón **partir do concepto de que unha aula non é mellor pola súa homoxeneidade, senón polo respecto á diversidade e o enriquecemento que esta supón nos individuos.** Programarase para un grupo e **atenderase a todos nunha única programación**. A practica basearase nos **principios de INCLUSIÓN e NORMALIZACIÓN educativa.**

As adaptacións que se levarán a cabo serán entorno a:

- Tempo e ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía máis personalizada.
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
- Aumentar a atención orientadora.
- Enriquecemento cultural.
- Avaliacións adaptadas as necesidades destes alumnos.

Para o **alumnado con altas capacidades intelectuais**: se facilitarán contidos e materiais de extensión adecuados as necesidades destes alumnos para permitir alcanzar o máximo do seu potencial.

## 8. CONTRIBUCIÓN AOS DIFERNTES PLANS E PROXECTOS DO CENTRO.

### TIC

Na materia de música empregaranse as TIC para visualizar vídeos relacionados coa materia a tratar, xa que se considera un xeito ideal de achegamento ao mundo artístico. Aproveitaremos todos os recursos dispoñibles para a escoita activa de pezas musicais de diversos estilos, recoñecemento visual e auditivo de diferentes instrumentos, "asistencia virtual" a concertos de música de diversos estilos, traballo de dinámicas, tempo....mediante o acompañamento de pezas musicais escoitadas, execucións de obras de acompañamento para as nosas interpretacións...

Tamén empregaremos programas educativos en formato dixital para o traballo de aspectos puntais que así o requiran.

Os obxectivos do PLAN TIC son, en liñas xerais, os seguintes:

Integrar as TIC como un recurso máis ao proceso de ensino- aprendizaxe.
Alternar os métodos de ensino tradicionais coas novas tecnoloxías na ensinanza dun mesmo tema.
A capacitación do alumnado como usuarios das TIC para aprender e practicar o que se aprende utilizando o ordenador.
A formación do alumnado para que sexa capaz de buscar información en internet ademais de nos libros de texto.
A motivación do alumnado e do profesorado para implicarse na educación a través de novos medios que suscitan o interese e chaman a atención.

## ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR DO CENTRO

Dende a área de educación artística realizaremos lecturas de textos relacionados coa vida e obra de certos artistas e músicos, de instrumentos e cantaremos cancións de animación á lectura.

## ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

Participarase activamente nas actividades propostas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega para desenvolver o Plan de Fomento do uso do Galego. Así como, en todas as festividades que se celebren procurando buscar un repertorio musical tradicional galego e/ou con textos en galego.

## ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO A

A materia de Música axudará a cumprir os obxectivos fundamentais do Plan de Convivencia.
En música buscaremos do fomentar unha convivencia no centro instaurando o sentimento de pertenza a un grupo, sentíndose todos os seus membros ben acollidos , respectados e seguros.
Buscaremos estratexias de resolución pacífica de conflitos tales que nos permitan vivir de xeito pacífico tanto dentro como fora da escola.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As <u>actividades extraescolares</u> son aquelas que van encamiñadas a potenciar a apertura do centro a súa contorna e, a procurar a formación integral do

alumnado. Realízase fóra do horario lectivo e ten carácter voluntario para o alumnado. Este centro debido a situación COVID non conta con elas

As actividades complementarias son aquelas que se realizan dentro do horario lectivo para complementar a actividade habitual da aula. Realizaranse saídas si a situación COVID o permite.

Seguindo a ORDE do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, realizaremos as seguintes conmemoracións pero este curso celebrarémolas, na medida do posible e se a situación non mellora sempre a nivel de aula:

– 20 de novembro de 2020: Día Universal da Infancia.
– 25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
– Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
– 3 de decembro de 2020: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

– 10 de decembro de 2020: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. – 24 de xaneiro de 2021: Día Internacional da Educación.
– 30 de xaneiro de 2021: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
– 8 de marzo de 2021: Día Internacional da Muller.
– 15 de marzo de 2021: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
– Do 8 ao 12 de marzo de 2021: Semana da Prensa.
– 7 de abril de 2021: Día Mundial da Saúde.
– Entre o 19 ao 23 de abril de 2021: Semana do Libro.
– 2 de maio de 2021: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
– 9 de maio de 2021: Día de Europa.
– Do 10 ao 14 de maio de 2021: Semana das Letras Galegas.
– 5 de xuño de 2021: Día Mundial do Ambiente

**9.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

Esta programación será flexible, axeitada a cada curso e revisable en función do alumnado e dos resultados e da situación pandémica na que nos atopamos inmersos este curso. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

- Seguimento da temporalización
- Consecución dos niveis mínimos de logro dos estándares de aprendizaxe traballados.
- Dificultades encontradas.
- Resultados específicos dos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Resultados trimestrais das avaliacións. Unha vez analizados

estes indicadores, realizaranse modificacións na programación.

- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións da temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para corrixir posibles dificultades.

Para a avaliación desta programación teranse en conta, máis concretamente, os seguintes indicadores:

| | |
|---|---|
| **FICHA DE AVALIACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PRIMARIA** | |
| **0= non se contempla 1= contémplase de forma parcial 2= ben 3= excelente** | |
| **OBXECTIVOS** | |
| Inclúense os obxectivos xerais de área e coa numeración establecida na orde do currículum | |
| Quedan conectados cos criterios de avaliación e cos estándares, comprobando que todos os obxectivos serán abordados ao longo do curso. | |
| **COMPETENCIAS CLAVE** | |
| Especifícase o tratamento xeral que se lle vai dar a cada competencia ao expor a contribución da área ao desenvolvemento das mesmas | |

| | |
|---|---|
| As competencias conéctanse cos criterios de avaliación e os estándares, para poder ser avaliadas | |
| Preséntanse desde o área estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita | |
| Consideración de medidas para incorporar as TIC, aos procesos de ensinanza e aprendizaxe | |
| **CONTIDOS** | |
| Secuenciación coherente. | |
| Organización temporal dos contidos ao longo do curso, en unidades de traballo, temas ou proxectos. | |
| Vinculación dos contidos con situacións reais, significativas, funcionais ou motivantes para o alumnado | |
| **AVALIACIÓN** | |
| Inclúense os criterios (CA) e estándares coa numeración establecida na Orde | |
| Relaciónanse procedementos e instrumentos de avaliación variados | |
| Concrétanse os criterios de calificación aportando un valor ponderado orientativo aos diferentes instrumentos de avaliación | |
| Para cada un dos E indícanse os estándares que se consideran como aprendizaxes mínimos para superalo | |
| Información as familias e alumnado dos E, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de calificación e o grao mínimo de consecución | |
| Actividades de apoio, reforzo e recuperación para atender á diversidade | |
| Autorregulación da propia aprendizaxe: uso da autoavaliación a coavaliación polo alumnado | |
| Considéranse procedementos para valorar e revisar a programación didáctica | |
| **METODOLOXIA** | |
| Uso variado e coherente de diferentes métodos e estilos de ensinanza | |
| Estratexias para desenvolver procesos globalizados de ensinanza e aprendizaxe | |
| Consideración de metodoloxías que consideran o papel activo do discente como factor decisivo do aprendizaxe | |
| Previsión de tarefas e propostas didácticas contextualizadas en situacións ou problemas significativos, funcionais e motivantes para o alumnado | |
| Metodoloxías de traballo cooperativo | |

| | |
|---|---|
| Importancia da investigación por parte do alumnado: metodoloxía de proxectos, descubrimento guiado, resolución de problemas da vida cotiá, webquest… | |
| Organización flexible dos recursos espacio-temporais, agrupamentos y materias | |
| **OUTROS ASPECTOS** | |
| Medidas de atención á diversidade e as adaptacións curriculares precisas | |
| Coordinación entre o profesorado que intervén có grupo de alumnos | |
| Actividades extraescolares e complementarias | |

## 10. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN TENDO EN CONTA OS DIVERSOS ESCENARIOS DA ACTIVIDADE PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL

No caso de ensinanza presencial seguiremos a Programación do xeito que vén explicada neste documento coas modificacións que tivemos que levar á cabo e coa eliminación de contidos fundamentais para o currículo de Educación Musical que tivemos obviar para primar a saúde da comunidade educativa.

No caso de ter que aplicar a ensinanza semipresencial faremos a parte práctica os días presenciais e as explicacións e aclaracións fundamentais deixando para casa o traballo de investigación e busca de información e o de afianzamento de contidos.

No caso de ensinanza non presencial para os cursos de 1º e 2º porémonos en contacto co alumnado por correo electrónico, a través da web ou ben a través da vía telefónica se o alumnado non pode acceder á educación por vía telemática. A partir de 3º de Primaria traballaremos fundamentalmente a través da aula virtual.